

# ACCESOS



ORGANIZA:



COLABORAN:



25 ANIVERSARIO FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA (F.G.E.)

1981 - 2006

# XXXIX CAMPAMENTO GALEGO DE ESPELEOLOXÍA



O BARCO  
DE VALDEORRAS  
(OURENSE)

DEPORTE GALEGO



12 e 13  
OUTUBRO  
2006

Serra Encina da Lastra

ACTIVIDADE DE PRE-CONGRESO



Nesta 39 edición do Campamento Galego de Espeleoloxía, a comarca de Valdeorras (Ourense), volve a ser o escenario idóneo para o encontro anual dos "espeleólogos galegos", e como non, nesta ocasión tan especial por coincidir co 25 Aniversario da FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA (F.G.E.).

Pretendemos ademais que este campamento sirva como preámbulo ao "I CONGRESO GALEGO DE ESPELEOLOXÍA" como actividade pre-congreso, levándose a cabo na zona da "Serra Encina da Lastra", un amplo programa de actividades: simulacro de espeleosocorro, campaña divulgación para xóvenes, exposicións temáticas, proxeccións, etc.

No Barco de Valdeorras - gracias á magnífica acollida que nos ofrece o seu Concello - temos a cita os próximos días 12 e 13 de outubro...

Esperámoste  
Comisión Organizadora  
25 Aniversario F.G.E.

## Regulamento

- O XXXIX Campamento Galego de Espeleoloxía celebrarase no Barco de Valdeorras (Ourense), os días 12 e 13 de outubro do 2006.
- Poden asistir ao Campamento tódolos espeleólogos que posúan a licencia de espeleoloxía do ano en curso. Os menores de idade necesitan permiso paterno e deberán asistir baixo a tutela dun adulto.
- Os participantes que desexen durmir no Pavillón dos Deportes do Concello, levarán tenda axeltada, saco, esterilla e manutención.
- Os participantes respetarán en todo momento as normas do lugar de pernocta.
- Os participantes acudirán co material necesario de progresión en cova, tanto individual como colectivo.
- Os Clubs deberán envia-la relación de participantes á Federación Galega de Espeleoloxía (correo, e-mail ou fax) antes do día 5 de outubro de 2006:

FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA.  
Avenida de Glasgow nº 13. A Coruña  
Teléfono - Fax: 981291087. e-mail: info@espeleoloxia.org

- A Comisión Organizadora non se responsabiliza de calquera posible accidente e declina toda responsabilidade. Calquera dúbida será resolta pola Organización.
- Os casos non previstos no presente regulamento serán resoltos pola Comisión Organizadora.

## Programa

### Xoves, 12 de outubro de 2006:

9:00 a 11:00 horas: Recepción participantes, entrega documentación e Inauguración do XXXIX Campamento Galego de Espeleoloxía.

11:00 a 12:00 horas: Reunión preparatoria de Actividades

12:00 a 20.00 horas: - Saídas programadas a cavidades da zona.

- Práctica-simulacro exterior de rescate, a cargo do Grupo Espeleosocorro Galego.

- Campaña "O Mundo da Espeleoloxía" para xóvenes escolares, organizada pola Escola Galega de Espeleoloxía - en colaboración co Concello do Barco.

23:00 horas: Proxeccións sobre espeleoloxía e descenso canóns a cargo dos Clubs asistentes.

### Venres, 13 de outubro 2006:

9,00 a 13 horas: Saídas programadas a cavidades da zona.

14:00 horas: Posta en común, conclusións e sorteo material deportivo.

- Clausura do XXXIX CAMPAMENTO GALEGO.

## COIDA AS COVAS